

## Ti e mais eu

### Capítulo 1: amor

Pensan saber o que é o amor, o que é estar namorado, relaciónano co pracer, sexo, beleza, autenticidade, sinceridade, amabilidade, entrega... Pensan saber o que é o amor sen sequera falar un co outro do que senten. O seu primeiro amor no que senten que voan. A intensidade do momento. A envexa dos demais. Primeiros quérote. Primeiras bolboretas no estómago. Apréciano case coma unha droga no seu momento álxido, sempre está todo ben. Todos os espazos e tempos páranse, senten esa adrenalina que os fai crer que o amor si existe. A entrega constante dun ao outro. A capacidade de reter todas esas emocións e expulsalas nun só ser. Pensan que ninguén lles vai arrebatat eses intres nunca..., que sempre o van recordar con esa intensidade coa que os viven. Aproveitan todo o pouco tempo que esa felicidade lles durará. É o maior terremoto de sentimentos da vida dunha persoa, no que estoupa todo, e dende aquí todo cambia para sempre.

Sentir amor romántico por primeira vez debería ser un valor que fai único a cada ser, vivir unha experiencia sen medo ao rexeitament, ao abandono ou compromiso. Ter sempre o corpo cheo de hormonas que fan florecer os sentimentos máis intensos da vida.

A súa banda sonora: Ophelia- The Lumineers

### Capítulo 2: compromiso

Deixan atrás os medos. Teñen un cara a cara co futuro á beira da súa alma xemelga. Capacidade de ser autodidactas pero á vez compañeiros. Xuran, prometen e soñan. Imaxinan unha vida utópica ao seu lado. As ganas que teñen de pasar por todo xuntos. O crecemento emocional que tratan de ter día a día. Establecen unhas metas que traian consigo soños cumpridos. Non pensan sequera en casar só en comprometerse a entregarse en corpo e alma a outra persoa sen necesidade de que ningún documento o demostre. Teñen confianza plena, non precisan de máis. Duran o que teñen que durar pero serve como aprendizaxe para a súa vida individual. Traballan para ser mellores, non se pechan neles, dan importancia a todos os campos da súa vida. Flúen coma dúas correntes unha fría e outra quente. Complementáanse á perfección. Só pensan nas miles de causas que os levou ata alí, non importan as consecuencias se os perfeccionaron as súas

características. A doitan escoitarse activamente e cando discuten acaban enleados na mesma aperta de todas as noites. Intensos e felices.” Carpe Diem” iso si con desexos que ao mellor non poderán cumprir. Son compañeiros de viaxe por moitas brechas que a vida lles faga escalar.

Sentir que o compromiso ata no mínimo oco do corpo fai a un feliz. Aproveitar o presente, soñar co futuro e aprender do pasado, regra de tres, do pacto con esta alma elixida. Estar por e para sempre á disposición de axudar no necesario sen importar o que anteriormente ocorrera.

A súa banda sonora: To Build a Home- The Cinematic Orchestra

### Capítulo 3: dependencia

Dependencia, lugar no que o verdadeiro significado de adicción cobra sentido. Necesitan a esa persoa a pesar de todo incluso deles mesmos. Momento no que precisan ese “amor” por moi tóxico que sexa para sobrevivir. Pensan que non existe nada nin ninguén máis cando están ao lado. Droga, que no seu mellor intre case semella amor e no peor é decadencia. Cando non están xuntos son capaces de acabar coas súas vidas para poder reencontrarse. O oco que esa soidade deixou énchese tan só cunha mirada. Os problemas difumínanse, non por un instante, senón ata que todo remata. Ese golpe de realidade que nunca chegan a acadar por non ter o valor de desligarse. A densidade que obteñen cando están fundidos nunha aperta, nun bico, nunha cama.

Os prantos, as bágoas, as cóxegas, as risas, os filmes, o tempo que non saben se aproveitan ou desperdician. A caída libre ao non estar preto. Desaparición de toda esa euforia cando cada un toma o seu camiño.

Sentir dependencia dende dentro parece inapreciable e sinxelo. Ter toda esa intensidade dentro dunha soa alma, ese espellismo irreal de liberdade e firmeza. O non querer espertar dese soño que parece que pode durar para sempre, pero realmente nunca saberás se é beneficioso ou prexudicial.

A súa banda sonora: Veneno-Delaossa

#### Capítulo 4: ruptura

Cando todo acaba chega o subidón de adrenalina. Comeza a sentir ese reflexo de liberdade, pero cae en picado. Caída libre. Podía describir como cada poro da súa pel botaba en falta o seu contacto, o seu roce.. Non sabe nin onde está, nin o que quere nin porque o quere, necesítala. Desvanécese a súa alma que lle pide a gritos a súa compañía. Recordala, e recorre na súa mente cada intre con paixón. Ule, e chega a comisura da súa boca ese olor a paraíso. Precisa saír dese bucle de inconsciencia. Non quere abrir os ollos quere o seu apoio. A culpabilidade que ten enriba é inmensurable. A depresión non deixa que ningún aire de esperanza pase pola súa testa. Está nun lugar escuro pero máis claro que nunca, ruidoso pero sen compañía, canso pero a rebentar de emocións. Consegue saír do seu refuxio tras meses nunha gaiola. Recae, non é capaz de esquecerse nin un segundo, semella que todo está na mesma rede. O punto, sen dúbida, máis canso, decepcionante, complexo, opresivo... da súa vida.

Sentir que un bucle constante non sae da cabeza, chegar a prexudicar a intelixencia emocional, iso é realmente unha ruptura. O illamento de todo e todos. A desaparición de boas emocións. A inestabilidade.

A súa banda sonora: álbum: Melodrama-Lorde

#### Capítulo 5: segundas oportunidades

Evolución, perdón, madurez. Teñen a capacidade de tratar de intentalo de novo tras formar un mar de bágoas entre ambos. As ganas de deixar atrás o orgullo e as inseguridades. Inténtao de novo, vólveo intentar, valor de afrontar. Repetir todo o proceso e aprender dos erros. Mellorar e crecer coa súa compañía. Sufrir. Afrontar o futuro. Estamparse de novo e erguerse sen medo. Traballan para formar algo sólido e resistente. Progresan dan man sen mirar atrás, ignorando as críticas e arrasando cos contratemplos. Non teñen en conta os intentos fallidos con outras persoas. Intentaron buscar o amor da súa vida noutras parellas pero só eles teñen esa alma que están a buscar. Esfórzanse en continuar, e fano mellor que nunca. Son felices, a pesar de todo. E o importante, perdónanse e buscan individualmente a mellor forma de entregarse por completo. Teñen sentido da independencia a pesar de saber que esa compañeira de vida sempre vai estar aí.

Aprenden e decátanse do necesario que é o apoio nas segregacións de prolactina pero tamén nas de adrenalina.

Sentir que alguén pode dar segundas oportunidades o teu corazón é un dos maiores privilexios que che poden tocar. Ser capaz de ceder o teu corpo a unha segunda oportunidade sabendo o mal que pode saír tamén e digno de valorar. Amar, crecer e aprender.

A súa banda sonora. Another love-Tom Odel

Asinado: Culpable

